

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 2 DE DECEMBRO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Decreto polo que se aproba a delimitación da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés, desde a entrada do municipio de Pedrafita do Cebreiro ata o límite do termo municipal do Pino, coa excepción do tramo entre o lugar do Amenal e o límite do aeroporto da Lavacolla, no Concello do Pino.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba a posta en marcha do II Plan de Reestruturación do Parque Móbil da Xunta de Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo, mediante o que se modifica o artigo 4.3 dos estatutos do Consorcio do Casco Vello de Vigo.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA A INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Asociación Clúster da Eficiencia e a Xestión Enerxética Galega (CEXEGA), en materia de normativa enerxética edificatoria, por importe de vinte mil euros (20.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a licitación para a contratación do servizo de limpeza, atención e cobramento na Rede de albergues do Camiño de Santiago, propiedade da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, por un orzamento total de cinco millóns cincocentos noventa e cinco mil cento dezasete euros con quince céntimos (5.595.117,15 €), IVE incluído, para os anos 2012 e 2013, e un valor estimado total do contrato en doce millóns oitocentos setenta mil cento vinte e catro euros con corenta e catro céntimos (12.870.124,44 €).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto do polígono industrial da Pasaxe sobre a que cualifica o monte veciñal en man común pertencente á comunidade de Vincios, no concello de Gondomar, Pontevedra. Superficie de afección de 159.469,44 metros cadrados.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o desenvolvemento do expediente-e.
- Informe sobre a situación do VIH/SIDA en Galicia. Actividades Día Mundial da SIDA 2012.

## **A XUNTA APROBA O DECRETO QUE RACIONALIZA A OFERTA DE TITULACIÓNS EN GALICIA**

- ***Os plans de estudos incluírán mecanismos para a súa revisión e adaptación ás necesidades cambiantes da sociedade***
- ***As novas titulacións terán en conta a economía e sectores estratéxicos de Galicia, así como as necesidades do seu mercado laboral***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará os requisitos para a autorización de titulacións oficiais de grao, máster e doutoramento nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) a través do decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta para tal fin. Desta forma a Consellería establece as bases para o exercicio das súas competencias de coordinación e planificación para que as universidades poidan definir a organización, estrutura e contidos das ensinanzas universitarias oficiais, así como obter a garantía de que a oferta destas ensinanzas e títulos oficiais responde a criterios de calidade e a unha adecuada planificación.

Con este decreto a Xunta de Galicia busca unha mellor eficacia e eficiencia na administración dos recursos universitarios, ao tempo que aposta por un SUG de calidade cunha ampla e variada oferta.

### **Requisitos xerais para as novas titulacións**

Para seren autorizadas, as titulacións propostas deberán ter en conta a estrutura económica da Comunidade Autónoma, as necesidades do seu mercado laboral e a existencia dunha demanda real por parte da sociedade e do estudantado, procurando a incorporación de perfís profesionais de futuro e vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia, fomentando ao mesmo tempo o espírito emprendedor e o autoemprego dos titulados.

No que atinxe ao eido da investigación, as titulacións terán que ter un carácter esencial ou estratéxico para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do Sistema Universitario de Galicia e recollen cuestións de oportunidade, innovación docente e investigadora así como a súa incardinación en redes internacionais de calidade e coherencia cos plans estratéxicos das universidades.

Para evitar multiplicidade de títulos, os plans de estudos propostos non poderán coincidir con obxectivos e contidos doutros títulos oficiais existentes na mesma universidade, e deberán xustificar o encadramento da proposta dentro da oferta global galega, co fin de garantir o equilibrio nos diferentes campus e potenciando a súa singularidade dentro do Sistema Universitario de Galicia. Desta forma búscase a racionalidade, ao tempo que se evitan duplicidades na oferta de titulacións.

Así mesmo, os plans de estudos propostos deberán acreditar a súa viabilidade económica e incluír unha descrición dos mecanismos que permitan, de ser o caso, unha revisión da titulación.

### **Estudos de grao**

No caso dos requisitos específicos, os graos deberán cumprir ao menos dous dos sinalados no decreto: ser interuniversitarios con participación de polo menos dúas universidades do SUG-, incluír actividades docentes e de avaliación en rede, ter un deseño curricular que favoreza a empregabilidade, e favorecer a retención de talento no contorno socioeconómico galego. Ademais, e co obxectivo de facilitar a mobilidade de estudantes entre as diferentes opcións, evitarase a especialización temperá e excesiva dos estudos.

O número mínimo de alumnos para autorizar unha titulación de grao será de polo menos 50 alumnos ao ano de novo ingreso nos campus da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e de 45 nos campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra. Para os graos xa implantados no momento da entrada en vigor do presente decreto, o número mínimo de estudantes de novo ingreso seralles de aplicación a partir do curso académico 2015-2016; aínda que os requisitos serán xa de aplicación para as novas titulacións de graos que se implanten a partir do curso académico 2013-2014.

### **Máster e doutoramento**

Pola súa banda, os máster deberán cumprir tres das seguintes condicións: ser interuniversitarios, outorgar competencias profesionais, ter unha orientación laboral ou práctica; xustificar o apoio e colaboración de empresas e institucións do contorno socioeconómico, ter garantidas as prácticas do estudantado, no caso de estar recollidas na memoria da titulación, cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral; ou ter carácter internacional. Ademais, os máster deberán ter debidamente planificada a súa conexión co correspondente grao.

Para a súa autorización as universidades deberán demostrar que o máster terá un número anual de estudantes de novo ingreso non inferior a 20. Nas ensinanzas universitarias oficiais de doutoramento acreditarase que nun período de catro anos contados desde a súa implantación, o número de teses lidas é como mínimo de catro e o programa conta cun número de doutorandos non inferior a 10. Para estes efectos, os máster e programas de doutoramento interuniversitarios computarán conxuntamente o número de alumnado matriculado. En todo caso, a impartición efectiva dunha titulación oficial de máster ou doutoramento queda condicionada ao cumprimento do requisito de que exista ese mesmo número mínimo de alumnos ou doutorandos matriculados antes do inicio do período lectivo en cada curso académico.

Se as titulacións xa autorizadas non cumprisen o mínimo de alumnos establecido no decreto durante os últimos tres cursos, as universidades afectadas deberán elaborar un plan de viabilidade que modifique o plan de estudos, de modo que faga o título máis adecuado á demanda actual.

## **A XUNTA DE GALICIA APROBA A DELIMITACIÓN OFICIAL DO CAMIÑO FRANCÉS, QUE ESTABLECE O TRAZADO DA PRINCIPAL RUTA XACOBEOA, OS LÍMITES DO BEN DE INTERESE CULTURAL E O SEU ÁMBITO DE RESPECTO**

- ***Coa determinación do trazado definitiva, a Xunta dá resposta á obriga establecida por lei no ano 1996 de delimitar oficialmente a ruta principal do Camiño de Santiago. A delimitación axústase ás necesidades concretas de protección do Camiño Francés, determinando criterios adecuados para mellorar a xestión da Ruta Xacobeoa e axilizar a tramitación dos expedientes de autorización de obras neste territorio***
- ***Cultura e Turismo acometerá a recuperación dos tramos agora definidos que poidan estar en desuso e actualizará a sinalización dos trazados identificados oficialmente. Elaboraranse unhas instrucións básicas de ordenación e deseño para que as intervencións nos ámbitos do Camiño garantan a súa conservación***
- ***A delimitación conta co informe favorable das comisións de Patrimonio Histórico da Coruña e Lugo, do Consello da Cultura Galega, da Universidade de Santiago de Compostela e da Real Academia de Belas Artes. O expediente foi contrastado, ademais, cos concellos afectados, a Asociación Galega de Amigos do Camiño, o Ministerio de Cultura e o Comité Español de ICOMOS***
- ***O decreto delimita o Camiño Francés desde Pedrafita do Cebreiro ata o concello do Pino. No caso de Santiago, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural iniciou un estudo específico para analizar de xeito integral a incidencia neste termo municipal das diferentes rutas xacobeas, coa intención de avanzar nunha delimitación conxunta***

O Consello da Xunta validou esta mañá a delimitación oficial do Camiño Francés, dando cumprimento á obriga establecida pola Lei 3/1996, de protección dos Camiños de Santiago, de delimitar a ruta principal do Camiño de Santiago. A delimitación aprobada hoxe establece o trazado definitivo do Camiño Francés, fixa os límites do territorio histórico que conforma este ben de interese cultural e determina o seu ámbito de influencia, denominado no decreto como zona de amortecemento ou de respecto. A xestión do territorio artículase así nun gradiente de intensidades valoradas en detalle e cun réxime de particular incidencia protectora nos primeiros 30 metros, unha protección como BIC do territorio histórico e un ámbito de respecto que, conforme os últimos criterios das políticas da paisaxe e tratamento sustentable dos espazos, permitirá unha permeabilización e consideración adecuada das obras, actividades e intervencións que se van realizar. Déixase atrás unha protección lineal, provisoria e indiferenciada e desenvólvese un entendemento do territorio con parámetros que conxugan protección, recuperación e dinamización.

A Xunta de Galicia define este ámbito secundario de influencia, merecente dunha protección ambiental adicional á do sitio principal, na liña do recollido nas directrices operativas de 2008 para a aplicación da Convención sobre a protección de Patrimonio Mundial Cultural e Natural de 1972, ratificada por España. Deste xeito, a Consellería de Cultura e Turismo recoñece o amplo valor cultural desta vía de peregrinación a Santiago

e preserva a relación harmónica do Camiño coa paisaxe, mantendo a relación ambiental co espazo do que resulta inseparable. A nova delimitación axusta o ámbito de protección ás necesidades concretas de protección do Camiño Francés, determinando criterios adecuados para mellorar a xestión da Ruta Xacobeana e dinamizar a tramitación dos expedientes de autorización de obras neste territorio. O axuste dos ámbitos de protección ao territorio realmente afectado permitirá así graduar e intensificar a eficacia na posta en valor do Camiño de Santiago e o seu contorno. Neste sentido, a aprobación da delimitación posibilita iniciar agora a formulación do Plan Especial do Camiño Francés, tamén previsto na Lei 3/96, de protección dos Camiños de Santiago.

Tras a aprobación da delimitación do Camiño Francés, a Xunta de Galicia ordenará a súa inscrición no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e notificará o acordo ao órgano competente do Ministerio de Cultura. Comunicaráselles ademais aos concellos afectados que, ata a aprobación do Plan Especial do Camiño Francés, calquera intervención que pretenda realizarse no ámbito do Ben de Interese Cultural deberá ser autorizada pola Consellería de Cultura e Turismo con carácter previo á concesión da correspondente licenza municipal. Do mesmo xeito, os promotores dos plans, programas e proxectos de obras cuxa realización se propoña levar a cabo na zona de respecto deberán presentar un estudo previo específico de afección sobre o territorio histórico do Camiño Francés.

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, acometerá de modo inmediato a recuperación dos tramos agora definidos e que poidan estar en desuso. Procederáse tamén á adecuada sinalización dos trazados sinalados do Camiño Francés coas correspondentes distincións daqueles que se correspondan cos trazados complementarios e cos tramos con vestixios históricos. O decreto aprobado prevé, ademais, que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural publique unhas instrucións que recollan os criterios e determinacións básicas de ordenación e deseño referentes ás intervencións que afecten os ámbitos de protección do Camiño, contribuíndo a garantir unha adecuada protección do ben e a preservar a interrelación global da ruta de peregrinación co territorio de acollida.

### **Patrimonio da Humanidade e Itinerario Cultural Europeo**


A Xunta de Galicia considera que a aprobación da delimitación definitiva do Camiño Francés permitirá incrementar a valoración da Ruta Xacobeana como elemento vertebrador do territorio e do lugar histórico e servirá para impulsar a súa relevancia histórica, avalada co recoñecemento en 1962 como Ben de Interese Cultural, Patrimonio da Humanidade en 1993 e Primeiro Itinerario Cultural Europeo no ano 1997. Consciente da súa importancia, a Xunta de Galicia procurou a maior colaboración posible cos axentes implicados na protección do BIC. Neste sentido, o expediente de delimitación conta co informe favorable das comisións de Patrimonio Histórico da Coruña e Lugo, do Consello da Cultura Galega, da Universidade de Santiago de Compostela e da Real Academia de Belas Artes. O expediente foi contrastado, ademais, con todos os concellos afectados, a

Asociación Galega de Amigos do Camiño, o Ministerio de Cultura e o Comité Español do Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS España).

### **Descrición literal**

A delimitación do Camiño Francés aprobada hoxe afecta un total de 11 concellos das provincias da Coruña e Lugo. Abarca desde a entrada no municipio de Pedrafita do Cebreiro ata o termo municipal do Pino, con límite no lugar do Amenal. No caso do Concello de Santiago, a Xunta e Galicia optou, ademais, por un tratamento singular e integral do seu territorio ao ser o punto de chegada de todas as rutas xacobeas. Deste xeito, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural iniciou un estudo específico sobre a incidencia integral das diferentes rutas xacobeas no territorio do concello e o seu planeamento urbanístico, para o efecto de determinar a conveniencia de incoar un procedemento de delimitación conxunto. Os documentos completos coa descrición literal dos tramos por concellos poderá ser consultada no enderezo web da Consellería de Cultura e Turismo ([culturaeturismo.xunta.es](http://culturaeturismo.xunta.es)).





## **A XUNTA LEVARÁ A CABO UNHA NOVA FASE DA RACIONALIZACIÓN DO SEU PARQUE MÓBIL, QUE SUPORÁ UN AFORRO DE 1,3 MILLÓNS ANUAIS**

- ***Actualizarase a normativa que regula este ámbito coa aprobación dun novo decreto***
- ***A primeira fase do plan xa ten xerado no que vai de lexislatura unha redución nos gastos do parque de 3 millóns de euros***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marcha da II fase do Plan de racionalización do parque móbil, que entre outras medidas contempla a actualización da normativa que o regula a través da aprobación dun novo decreto e a redución dos vehículos a disposición dos altos cargos do Goberno galego. As novas medidas, que serán de aplicación a comezos do vindeiro ano, xerarán unha redución nos custes de 1,3 millóns de euros anuais, que se suman aos 3 millóns de euros que xa se levan aforrado coa posta en marcha do plan.

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza explicou as liñas mestras desta segunda fase, que entre outras medidas establece que os altos cargos que residan en Santiago deixarán de ter servizo de recollida e regreso ao seu domicilio, mentres que os que viven fóra deberán compartir vehículo con aqueles que forman parte da súa mesma área xeográfica.

Así pois, só disporán de adscrición permanente de vehículo e condutor o presidente da Xunta, os conselleiros e os delegados territoriais. Os coches e condutores que ata agora estaban adscritos aos altos cargos pasarán a engrosar a flota de incidencias, dando resposta ás distintas necesidades de transporte da Administración. Desta forma, e como resultado das dúas fases do plan, a Xunta disporá de 122 coches menos oficiais para os altos cargos, un 76 por cento menos que na pasada lexislatura.

As medidas, que xa foron avanzadas aos sindicatos e que non suporán unha merma das condicións laborais dos empregados do parque móbil, tamén prevén estender o modelo de utilización do parque móbil para notificacións xudiciais, o que permitirá unha redución do gasto do 90 por cento no ámbito dos desprazamentos do persoal da Administración de Xustiza.

### **Primeira fase**

O titular de Presidencia tamén elevou hoxe ao Consello un balanço da aplicación da primeira fase do plan, que se ten traducido nun aforro nos gastos do parque móbil de case 3 millóns de euros no que vai de lexislatura con respecto á pasada, no marco dunha acción integrada na política xeral de austeridade, redución do gasto corrente e modernización organizativa levada a cabo polo Goberno.

Entre outras medidas, a primeira fase do plan supuxo o alleamento de vehículos de alta gama e con altos custes de funcionamento, a reasignación das prazas de condutores

conforme a criterios de proximidade, a posta en marcha dunha aplicación informática e dun novo modelo de xestión e a utilización da flota para facer notificacións xudiciais.

## **A XUNTA DE GALICIA AXILIZA A CONSTRUCIÓN DO REXISTRO CIVIL NO BARRIO ANTIGO DE VIGO**

- ***O Consello de Goberno da Xunta autorizou a modificación dun artigo dos estatutos do Consorcio Casco Vello, aprobada en outubro polo consello de administración***
- ***O cambio posibilita a construción do Rexistro Civil en terreos da zona vella da cidade de Vigo, nun soar e un local valorado en 580.000 euros***
- ***O traslado do Rexistro Civil á zona vella é unha aposta decidida pola revitalización integral do núcleo histórico e por dotar de novos servizos a cidade***
- ***A día de hoxe, o consorcio é propietario de 44 inmobles, dos cales 15 xa están totalmente rehabilitados***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura do convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo, mediante o que se modifica o artigo 4.3 dos estatutos do Consorcio do Casco Vello de Vigo. Este acordo, que fora aprobado polo consello de administración da entidade a mediados de outubro, posibilitará o traslado do Rexistro Civil ao barrio antigo de Vigo, nun soar e un local propiedade do Consorcio.

Co visto e prace dado hoxe no Consello da Xunta avanzarase na tramitación e axilizarase o traslado á zona vella desta dotación. Este feito constitúe unha aposta decidida pola revitalización integral do núcleo histórico e por dotar de novos servizos a cidade. En total, a Administración autonómica investirá arredor de 1,5 millóns de euros na adquisición dun terreo dotacional e na edificación do futuro Rexistro Civil. A compra por parte da Xunta dun soar e dun local comercial –propiedade do organismo- está valorado en 580.000 euros, mentres que a construción do novo edificio suporá un custo máximo estimado de 900.000.

Co cambio na redacción do documento, necesario técnica e xuridicamente para poder realizar a compra directa da Xunta ao Consorcio, o artigo 4.3 queda así: “O Consorcio Casco Vello de Vigo, como ente local de dereito público dotado de patrimonio propio ten plena capacidade de obrar, polo que poderá dispoñer e allear o seu patrimonio con suxeición á lexislación que lle sexa aplicable. En todo caso, poderá allear os bens, co acordo do Consello de Administración, por unanimidade dos seus membros, directamente a unha Administración pública.”

### **Mellora do servizo**

A Xunta acordou no Consello da Xunta do 20 de abril de 2011 trasladar o Rexistro Civil de Vigo á zona vella da cidade ante a falta de espazo das súas actuais dependencias e co claro obxectivo de mellorar a prestación deste servizo a todos os vigueses. Deste xeito, o Consello da Xunta deu luz verde a un convenio de colaboración entre Xunta e o Consorcio para a adquisición dos inmobles e posterior construción da edificación necesaria para a instalación do Rexistro Civil de Vigo na zona antiga da cidade. O

Consortio Casco Vello de Vigo está participado nun 90% polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e nun 10% polo Concello de Vigo.

A operación que se levará a cabo prevé a adquisición por parte do Goberno galego dunha parcela dotacional -propiedade do Consorcio- situada no número 13 da rúa San Sebastián, que conta cunha superficie total de 318 metros cadrados, ademais dun local situado no número 24 da rúa Abeleira Menéndez, de 67 metros cadrados, cuxo inmovible foi rehabilitado polo Consorcio.

A iniciativa supón así levantar unha nova edificación que se construírá nunha superficie de 206 metros cadrados; a idea inicial é que o futuro Rexistro Civil albergue semisoto, baixo e planta primeira co obxectivo de intercomunicar ambas as rúas da parte alta do barrio histórico da cidade.

### **Continuidade do Consorcio Casco Vello de Vigo**

O Consorcio Casco Vello de Vigo (CCVV) remata a súa vixencia o 31 de decembro deste ano. O Goberno galego quere manter a súa implicación na actual política de recuperación e rehabilitación do núcleo histórico de Vigo e ese é o motivo polo que onte se levou ao Consello de Administración do organismo unha proposta de modificación de estatutos para continuar coa vixencia do CCVV durante 6 meses máis.

O convenio rubricado no ano 2005 debe ser renovado co fin de adaptar os seus Estatutos á actual realidade do Consorcio no que a participación das administracións consorciadas se refire. Hai que lembrar que o organismo naceu co 50% de participación da Zona Franca; o 40% da Xunta e o 10% restante do Concello. No ano 2007 a Xunta adquiriu a participación de Zona Franca, polo que na actualidade o 90% está en mans da Comunidade Autónoma. Precisamente, onte deuse vía libre a unha prórroga de seis meses na súa vixencia para seguir negociando a actualización do convenio.

### **Balance do CCVV**

Hoxe en día, o CCVV é propietario de 44 inmovibles, dos cales 15 xa están totalmente rehabilitados. Esta situación deu lugar a 52 vivendas e 13 locais comerciais completamente recuperados. Así, 35 vivendas sorteáronse como VPA en réxime de compravenda a prezo concertado, 12 foron asignadas en réxime de aluguer e 5 destináronse a realoxo. Todas elas están situadas en: Abeleira Menéndez, 11; Abeleira Menéndez 13-15; Abeleira Menéndez 18-20; Abeleira Menéndez 24-26; Santiago, 19; Santiago 11-13-15-17; Cruz Verde, 5; Real, 16; Ferrería-Subida ao Castelo e Real, 25.

Concretamente, nestes momentos xa son 20 as novas familias que residen na zona vella tras as distintas adxudicacións levadas a cabo polo IGVS e, nos vindeiros meses, seguirán sumándose novas familias que están pendentes de formalizar a sinatura das súas escrituras e hipotecas. No que respecta aos 13 locais comerciais, un deles xa está ocupado pola sede de APEC, mentres que o resto se sacaron a concurso público para

adxudicarse en aluguer a novos emprendedores que, nos vindeiros meses, abrirán os seus negocios nas rúas do núcleo histórico. Mozos cunha media de 35 anos e con novos proxectos empresariais relacionados coa fotografía, deseño gráfico, hostalería, artesanía ou avogacía, entre outros, instalaranse no *Casco Vello*.

Ademais, na actualidade o CCVV xa ten en marcha a recuperación doutros 20 inmobles en ruínas no contorno do Castelo de San Sebastián -na parte alta do barrio antigo- que posibilitará a creación doutras 34 novas vivendas e 9 locais comerciais. As obras son as relativas ás promocións das rúas Ferrería 25-27-29-31; ao cuarteirón Castelo-San Sebastián (Hortas 10-12, San Sebastián 8-12-14 e Subida ao Castelo 5-7 e San Sebastián 4-6) e ao cuarteirón Ferrería-San Sebastián (que corresponde aos números 11,13,17,19 da rúa Ferrería e 3,5,7 de San Sebastián). Estas actuacións de recuperación de inmobles supoñen un investimento superior aos 3 millóns de euros e a previsión é que os traballos de rehabilitación estean rematados ao longo do vindeiro ano 2012. Pero a recuperación da parte alta do *Casco Vello* non quedará aí e nos vindeiros meses haberá avances en novos proxectos de recuperación do barrio antigo.

Por último, o CCVV tamén formalizou neste ano 2011 o convenio de colaboración co Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España para que a sede e oficinas dos rexistros da propiedade da cidade se instalen no barrio antigo durante polo menos dez anos. A futura sede trasladarase a catro inmobles propiedade do CCVV situados nos números 29, 31 e 33 da rúa Real, e no número 26 da rúa Alta, o que suporá un paso importante no que a dinamización e revitalización integral do barrio histórico se refire. A venda dos catro inmobles reportará un total de case 3,4 millóns de euros que o CCVV destinará a novas adquisicións para seguir co traballo de recuperación.

## **ECONOMÍA E INDUSTRIA COLABORA CO CLÚSTER DA EFICIENCIA E A XESTIÓN ENERXÉTICA PARA ACADAR MELLORAS NA EDIFICACIÓN**

- ***A Consellería promove a través do Inega o aforro e a eficiencia na construción a través da formación de especialistas en cooperación con asociacións do sector***
- ***A acción encádrase na aposta estratéxica da Consellería por promover un adecuado aproveitamento dos recursos enerxéticos***
- ***Ao abeiro das distintas actuacións de aforro e eficiencia, o departamento que dirixe Javier Guerra leva investidos nesta lexislatura 58.1 millóns de euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), para o asinamento dun convenio de colaboración coa Asociación Clúster da Eficiencia e a Xestión Enerxética co obxectivo de impartir cursos sobre inspección de eficiencia enerxética en edificios.

Neste sentido, o Inega facilitará asesoramento técnico e achegará 20.000 euros para a realización de 4 edicións da acción formativa "Curso de inspeccións da eficiencia enerxética en edificios". Estas desenvolveranse en Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo, e facilitarán aos profesionais do sector coñecemento e de formación no procedemento de certificación enerxética de edificios, no novo Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE) e no documento básico de aforro e enerxía do Código técnico da edificación.

Esta acción encádrase na estratexia que está a desenvolver Economía e Industria, a través do Inega, de formación de especialistas para potenciar o aforro e a eficiencia enerxética no sector da construción, dentro da cal se están a asinar convenios de colaboración con entidades e organizacións profesionais para a realización de diversas actividades formativas.

A Consellería de Economía e Industria, que traballa co obxectivo de fomentar un adecuado aproveitamento dos recursos conxugado co respecto escrupuloso ao ambiente, leva investidos nesta lexislatura ao abeiro das distintas actuacións de aforro e eficiencia 58,1 millóns de euros, que xeran a mobilización de investimentos por valor de 167,6 millóns e un aforro económico de 89,6 millóns de euros.

### **Outras actuacións na edificación**

O Inega desenvolve as súas actuacións no sector da edificación a través de dous grandes campos de acción: as liñas de axuda para o aforro e a eficiencia enerxética, dun lado; e os plans Renove relacionados co sector, doutro. No primeiro inclúense axudas á rehabilitación da envolvente térmica dos edificios existentes, subvencións para a mellora da eficiencia enerxética e axudas para a construción de novos edificios con alta cualificación enerxética.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PEREGRINO NA REDE DE ALBERGUES DO CAMIÑO DE SANTIAGO POR UN IMPORTE MÁXIMO DE 5,6 MILLÓNS DE EUROS**

- *A Consellería de Cultura e Turismo elevou esta mañá ao Consello da Xunta, para a súa aprobación, o acordo polo que se contratan as prestacións de atención ao peregrino, incluíndo a limpeza do albergue, a apertura de portas e a recepción dos peregrinos*
- *O acordo autorizado hoxe engloba os 65 albergues permanentes que dan asistencia aos peregrinos que realizan o Camiño de Santiago, así como os cinco puntos de información dos concellos de Mondoñedo e O Cebreiro (Lugo), Redondela (Pontevedra), Santiago e Lugo*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou esta mañá o acordo polo que se autoriza a licitación para a contratación do servizo de limpeza, atención e cobramento na rede de albergues do Camiño de Santiago. O acordo autorizado hoxe afecta os 65 albergues permanentes que dan asistencia aos peregrinos que realizan o Camiño de Santiago, tanto os xestionados directamente pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo como os xestionados por concellos ou asociacións, así como os cinco puntos de información dos concellos de Mondoñedo e O Cebreiro (Lugo), Redondela (Pontevedra), Santiago e Lugo. O acordo para a contratación dos servizos de atención aos peregrinos no Camiño de Santiago terá un orzamento máximo de licitación de 5.595.116 euros para os exercicios de 2012 e 2013, que se poderá prorrogar por dous anos máis.

O obxecto do contrato autorizado consistirá nas prestacións de atención ao peregrino, incluíndo a limpeza do albergue, a apertura de portas e a recepción dos peregrinos, así como a xestión de cobramentos por entrada nos albergues. A atención ao peregrino, con presenza permanente do persoal dos albergues, realizarase dentro do seu horario de apertura (desde as 13,00 ata as 22,00 horas) e contará cos servizos de recollida e selaxe das credenciais e información aos peregrinos. Os servizos de limpeza deberán cubrir, como mínimo, a limpeza e desinfección diaria, incluídos sábados, domingos e festivos, de todas as dependencias do albergue; limpeza semanal de paredes e cristais; subministración e reposición de material necesario para manter desinfectadas as instalacións, e subministración de fundas de colchón e almofadas cun só uso. Os traballos de limpeza verificaranse con continuidade, e non poderán realizarse dentro do horario de apertura do albergue. Deste xeito, dentro do horario de apertura ao público o albergue deberá manterse en perfectas condicións hixiénicas.

Ademais, como estipula o acordo autorizado hoxe, realizarase o cobramento aos peregrinos do prezo que a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo estableza en cada momento pola utilización de todos os albergues integrados na Rede de albergues do Camiño de Santiago. O sistema de cobramento de todos os albergues recaerá na S.A. de Xestión,



mentres que naqueles albergues que sexan xestionados polos concellos ou outros organismos, a limpeza e atención dependerá dos ditos organismos.

Nos puntos de información do Cebreiro, Mondoñedo, Santiago de Compostela, Redondela e Lugo prestarase información sobre aspectos culturais e históricos relacionados cos camiños de Santiago e o Xacobeo, así como actividades organizadas pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

### **Coidado e mantemento do Camiño**

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo destina a súa actividade á promoción turístico-cultural e á dotación de servizos do Camiño de Santiago. Deste xeito, o Xacobeo dá cumprimento a unha das súas principais liñas de acción, o coidado e mantemento do Camiño en Galicia, continuando coa aplicación dos labores previstos para a mellora das diferentes rutas e da rede de albergues.

A Rede de albergues do Xacobeo non só proporciona servizos aos peregrinos, senón que tamén supón unha dinamización para as vilas que se atopan nos diferentes camiños a través da posta en valor do seu patrimonio cultural e paisaxístico.

## **APROBADA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO POLÍGONO INDUSTRIAL DA PASAXE SOBRE O MONTE VECIÑAL DE VINCIOS-GONDOMAR**

- ***A declaración de prevalencia faise tendo en conta que esta infraestrutura favorecerá as condicións para a xeración de emprego no sector industrial no sur da provincia de Pontevedra***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe sobre a que cualifica o monte veciñal en man común Vincios, pertencente á comunidade de Vincios, no concello pontevedrés de Gondomar.

En aplicación do artigo 6 do Regulamento da Lei de montes veciñais en man común, acordouse declarar esta prevalencia da utilidade pública tendo en conta que esta infraestrutura favorecerá as condicións para a xeración de emprego no sector industrial no sur da provincia de Pontevedra.

A Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural propuxo que se emitise informe favorable sobre esta prevalencia, de acordo co previsto no Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de montes veciñais en man común de Galicia. A superficie total de afección desta declaración é de 15,9 hectáreas.

## **O PRIMEIRO PROCEDEMENTO PARA APUNTARSE EN LISTAS DO SERGAS, DESENVOLVIDO A TRAVÉS DO EXPEDIENTE-E, XEROU MÁIS DE 3.000 INSCRICIÓNS**

- *Este sistema permite a todo o persoal dispoñer dun currículo profesional electrónico e centralizar e unificar os seus méritos*
- *Onte abriuse o prazo para tres novas categorías que en convocatorias anteriores afectaron máis de 15.000 persoas*
- *O Expediente-e conta xa con 682.145 altas de información (méritos) rexistradas, das cales a maioría se refiren á formación continuada, experiencia externa e títulos académicos*

O primeiro procedemento de inscrición en listas de diversas categorías do Servizo Galego de Saúde que se levou a cabo a través do expediente electrónico do profesional xerou máis de 3.000 inscricións. Así, o pasado 2 de novembro abriuse o prazo para inscribirse nas listas de contratación temporal do Sergas para as categorías de técnico superior en anatomía patolóxica e citoloxía, en radioterapia, en hixiene bucodental, en imaxe para o diagnóstico clínico e en laboratorio de diagnóstico clínico.

Por primeira vez, este procedemento desenvolveuse a través do expediente electrónico do profesional. Este sistema permite a todo o persoal dispoñer dun currículo electrónico e centralizar e unificar os seus méritos, tanto a través da internet como da propia intranet do Sergas.

Así mesmo, onte abriuse o prazo para tres novas categorías –celador, persoal de servizos xerais para centros de saúde e grupo auxiliar da función administrativa-, que en convocatorias anteriores afectaron máis de 15.000 persoas; os relativos a médicos e persoal de enfermaría e o de inscrición ao concurso de traslados farano proximamente.

### **866.000 accesos desde a súa implantación**

O Expediente-e é unha maneira de xestionar o currículo de forma sinxela e intuitiva, que permite acurtar prazos de xestión á hora de inscribirse en ofertas de emprego público, listaxes de contratación temporal, promoción laboral ou procesos de mobilidade. O expediente está visible no espazo da Oficina Virtual do Empregado (FIDES) na páxina web da Consellería de Sanidade (<https://fides.sergas.es/>).

Así, cada profesional ten a posibilidade de consultar os datos que constan no seu expediente electrónico, actualizalos e introducir novos méritos para a posterior entrega de documentación que os acredite. Desta forma, os méritos debidamente acreditados quedan incorporados ao expediente electrónico do aspirante para ser utilizados automaticamente nos procesos en que este desexe participar.

O Expediente-e recibiu 866.725 accesos desde a súa implantación, o pasado 21 de xullo. Deles, 482.231 realizáronse a través da intranet do Servizo Galego de Saúde e os 384.494 restantes fixéronse a través da internet.

### **682.000 méritos rexistrados no sistema**

No que atinxe aos méritos xa rexistrados no Expediente-e, houbo 682.145 altas de información no sistema. A maioría refírense á formación continuada (60,29%), seguido por experiencia externa (24,76%) e títulos académicos (8,26%).

O Expediente-e permitirá reducir en máis dun 50% a carga administrativa que neste momento xeran todos os procesos de Recursos Humanos no Sergas. Neste sentido, ata a súa implantación non existía unha plataforma que contivese o currículo dos profesionais, o que supoñía que este tiña que ser presentado en cada proceso, reactualizado e rebareado de xeito manual.

Polo tanto, este sistema ten beneficios tanto para a Administración como para o persoal do sistema sanitario, xa que se consegue unha resolución máis áxil dos procesos que comportan a baremación de méritos, así como a redución das reclamacións grazas á transparencia do sistema, e supón un importante aforro en papel e nutros recursos materiais, sobre todo nos prazos de resolución.

Poderán beneficiarse del os máis de 38.000 traballadores que forman parte do sistema sanitario público na actualidade, pero tamén todos aqueles profesionais que desexen incorporarse á sanidade galega, facilitando a súa inclusión nos procesos de selección temporal existentes e demais que se convoquen no futuro da forma máis áxil e transparente.

## **SANIDADE REITERA, CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DA SIDA, A IMPORTANCIA DO USO DO PRESERVATIVO COMO PRINCIPAL ELEMENTO DE PREVENCIÓN DESTA ENFERMIDADE**

- *A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade, con motivo do Día Mundial da Sida, participa na campaña "lights for rights" (luces para os dereitos) cunha proxección na fachada da Catedral de Santiago*
- *Sanidade mantén o compromiso de seguir traballando na loita contra esta enfermidade para cumprir o obxectivo da Estratexia 2011-2015 de ONUSIDA: "Chegar a cero"*
- *A situación epidemiolóxica da infección polo VIH en Galicia sitúase nunha incidencia anual media de 74 casos por millón de habitantes, por baixo do conxunto do resto de comunidades autónomas españolas*

Sanidade lembra á poboación a importancia do uso do preservativo dado que segue a ser o principal elemento de prevención de transmisión da enfermidade, tanto nas relacións heterosexuais coma no caso dos homes que teñen relacións con outros homes.

A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade, con motivo do Día Mundial da Sida, participa na campaña da asociación ONUSIDA "lights for rights" (luces para os dereitos), cunha proxección dun lazo vermello co lema *Previr é posible* na fachada da Catedral de Santiago, durante as noites do día 30 de novembro e 1 de decembro.

Ademais desta proxección, levaranse a cabo outras actividades co fin de que a poboación galega reflexione sobre a situación da enfermidade e coñeza a súa situación actual. Así mesmo, débese resaltar a importancia que, entre os novos casos de infección, ten a transmisión por relacións sexuais de risco, especialmente entre os homes que teñen relacións con homes.

A través desta campaña e das diferentes actuacións postas en marcha desde a Consellería de Sanidade, mantense o compromiso de seguir traballando na loita contra esta enfermidade para poder cumprir o obxectivo da Estratexia 2011-2015 de ONUSIDA: chegar a cero.

### **Datos de infección**

A situación epidemiolóxica en Galicia está nunha clara fase de estabilización, aínda que desde o ano 2004 a 2010 se rexistraron en Galicia 1.431 novos diagnósticos de infección polo VIH, cunha media anual de 204 casos, o que representa unha incidencia anual media de 74 casos por millón de habitantes, por debaixo do conxunto do resto de comunidades autónomas españolas, que foi de 91 casos por millón de habitantes no período 2004-2009.

Hoxe en día, na nosa Comunidade Autónoma a transmisión por relacións sexuais non protexidas supón un 72% dos novos casos de infección. Ademais existe máis dun terzo de persoas infectadas que descoñecen que o están e preto da metade destes novos casos son diagnosticados tardiamente, cando o grao de inmunosupresión é xa importante, o que diminúe a capacidade de resposta ao tratamento antirretroviral e incrementa a transmisión da enfermidade.

### **Probas rápidas VIH**

Así mesmo, cómpre lembrar que a Consellería de Sanidade puxo en marcha este ano, nos centros Quérote+ da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e nalgúns asociacións antisida o proxecto de realización das probas rápidas de detección do VIH co obxectivo de diminuír o atraso diagnóstico do VIH en poboacións con prácticas de risco, e que, por diversas razóns, evitan o sistema sanitario. Tras a proba facilítase, ademais, o acceso ao diagnóstico definitivo e ao tratamento antirretroviral. Algo máis de 200 persoas xa se beneficiaron deste proxecto e 7 delas resultaron reactivas ao test.